



PRESENTACIÓN DA NOVELA *Ámame, anarquista* LUISA G. AVECILLA

Teatro AS TORRES de SANTA CRUZ

xoves, 16 de novembro, ás 19 horas


Intervirán:

A autora: *Luisa G. AVECILLA*

O xornalista: *Ricardo Sandoval*

Acompañamento musical a cargo de Gertraud Brilmayer, violonista da Orquesta Sinfónica de Galicia.

O cantautor César Morán porá música ao poema de Claudio Rodríguez Fer, *Ámame anarquista*.



Ámame, anarquista, é unha historia de mulleres, na que os homes se presentan como distantes e esvaradíños. A persecución dun imposible amoroso é a súa idea clave.

Dúas mulleres, en dúas épocas distintas e con temperamentos dispares, levan a busca obsesiva dunha quimera. Inés, no primeiro terzo do século XX, embárcase na aventura de seguir os pasos do lendario anarquista leonés, Buenaventura Durruti, do que se namora perdidamente, levándoa a pasar situacións penosas e converténdoa nun elemento activo do movemento revolucionario.

Lucía, nos albores do século XXI, na súa busca interminable de Simón, non vivirá a súa vida a causa de deixarse arrastrar por unha paixón que nin ela é capaz de entender.

Luisa G. AVECILLA é licenciada en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela.

Ao acabar os estudos optou polo xornalismo e durante dúas décadas traballou como secretaria de redacción e redactora xefa en prensa escrita e revistas de difusión autonómica e estatais. Actualmente compaxina o seu traballo de funcionaria coa escritura.

Desde as bibliotecas municipais invítase a todas as persoas que desexen asistir, ata completar o aforo.